WIKIPEDIA

Lingua khoekhoe

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua khoekhoe** (nome oficial: ***khoekhoegowab***), tamén denominada historicamente **nama** e **hotentote**, é unha lingua khoisa, a que ten máis falantes e a que se estende por un territorio maior.

Khoekhoe, Nama *Khoekhoewab*	
Outros nomes:	Hotentote
Falado en:	Namibia Botswana Suráfrica
Rexións:	río Orange, Namaqualand (Terra dos nama)
Total de falantes:	200 000±10 000 (2011)
Familia:	Linguas khoisas Khoe-kwadi[1] Khoe Khoekhoe **Khoekhoe, Nama**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	-
ISO 639-3:	hgm naq hgm (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=naq)

Índice

Historia e países onde se fala


A lingua khoekhoe pertenece á familia khoe,[1] e fálase principalmente en Namibia (no mapa adxunto indícase a distribución deste indioma nese país), Suráfrica e Botswana, e por tres grupos étnicos, os nama, os damara e os haiǁom.

Parece que os damara tomaron a linguaxe, xunto cos nama, en Botswana, e que emigraron a Namibia cada grupo por separado. Os haiǁom, que falaran unha lingua juu, máis tarde pasaron a falar khoekhoe. Georg Friedrich Wreede foi o primeiro europeo que estudou o idioma, despois de chegar á Cidade do Cabo en 1659.

De acordo con *Ethnologue*, hai 202 000 falantes (dos cales, 200 000 en Mamibia; 2 000 en Suráfrica e 200 en Botswana).[2]

O *khoekhoegowab* é lingua nacional en Namibia. En Namibia e Suráfrica, a radio emite, entre outros, neste idioma. En Namibia, o *khoekhoegowab*, a pesar de que o inglés é o idioma oficial da república, é un dos idiomas vehiculares do ensino, desde a educación primaria até a universitaria.

O khoekhoe ten 5 vogais e 31 consoantes.



Frases típicas

Algunhas frases típicas son:

- ! Gai EET - Boos días
- ! Gai ǁ HOA - Bos días
- ! Gai azadas - Boas noites
- Matisa - Cómo estás?
- ! Gãise re gu - Adeus
- ! Haese mugus - Vémonos pronto

Notas

1. Hammarström, Harald; Forkel, Robert & Haspelmath, Martin, eds. (2017): Familia Khoe–Kwadi (https://glottolog.org/resource/languoid/id/khoe1240). *Glottolog 3.0*. Jena, Alemaña: Instututo Max Planck para a Ciencia da Historia Humana.
2. ."Khoekhoe. A language of Namibia" (https://www.ethnologue.com/language/naq).

Véxase tamén

Bibliografía

- Haacke, Wilfrid H. G. & Eiseb, Eliphas (2002): *A Khoekhoegowab dictionary with an English-Khoekhoegowab index*. Windhoek: Gamsberg Macmillan. ISBN 9-9916-0401-4.
- Gamal Mokhtar, editor (2010): *História Geral da África* – Vol. II – África Antiga (http://books.google.com/books?id=7i9ckWxBK-MC&pg=PA720&dq=%22l%C3%ADngua+hotentote%22&hl=en&ei=e11BTu7lO4yhtweHr-2vCQ&sa=X&oi=book_result&ct=result&resnum=3&sqi=2&ved=0CDEQ6AEwAg#v=onepage&q=%22l%C3%ADngua%20hotentote%22&f=false). Brasília: UNESCO. ISBN 978-8-5765-2124-2, p. 220.
- Roy S. Hagman (1977): *Nama Hottentot grammar*, Bloomington, Indiana: Indiana University Press.

Ligazóns externas

- Números en KhoeKhoe (https://www.youtube.com/watch?v=FObQsP-QAFE)
- Colores en KhoeKhoe (https://www.youtube.com/watch?v=brifDsUwY94)